

CONSULTA PÚBLICA PREVIA

EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO: REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA LUDOTECA PÚBLICA MUNICIPAL.

OBXECTO: Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

NORMATIVA:

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN:

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma: Regulamento de réxime interior de la ludoteca pública municipal.

Coa súa promulgación preténdese adaptar e regular o conxunto das normas e pautas que rexerán as actividades e servicios cotiáns da Ludoteca Municipal de Narón, elaboradas no marco da normativa aplicable de Ludotecas de Galicia, e demais disposicións concordantes, que xunto coas directrices emanadas do propio Concello de Narón, servirán de referencia obxectiva e obrigada no desenvolvemento dos servicios prestados no referido dispositivo de Ludoteca Municipal.

As ludotecas, como centros de servicios sociais, se atopan suxeitas ao cumprimento dos requisitos xerais, materiais e funcionais, esixidos para todos os centros sociais e relacionados co artigo 7 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servicios sociais de Galicia.

A ludoteca prestará os servicios e desenvolverá as actividades e programas previstos na Lei de servicios sociais e demais disposicións que a regulan, especialmente no marco do Decreto 354/2003, do 16 de setembro, polo que se regulan as ludotecas como centros de servicios sociais e se establecen os seus requisitos e o Decreto 329/2005, do 28

de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

Tendo en conta a demanda social, e a fin de garantir a calidade na prestación dos servizos sociais e os dereitos das persoas usuarias, estímase a aprobación desta norma como medio de regulación da participación das familias e das persoas usuarias dentro do proxecto educativo do centro.